



2024

INFORME ANUAL

VIOLENCIAS SEXUAIS



**XUNTA
DE GALICIA**

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN	4
PRINCIPAIS CONCLUSIÓNS	7
DATOS SOBRE VIOLENCIA SEXUAL EN GALICIA	9
COMPARATIVA COS DATOS DE VIOLENCIA SEXUAL EN ESPAÑA	18
RECURSOS E SERVIZOS PARA A PREVENCIÓN E ATENCIÓN DA VIOLENCIA SEXUAL EN GALICIA	23
Sensibilización sobre violencia sexual	23
Programa de Intervención con mulleres vítimas de abuso e violencia sexual	25
Proxecto Re-incorpórate:	25
Programa de atención integral para mulleres vítimas de trata de seres humanos con fins de explotación sexual	25
Convenios de colaboración con entidades sen ánimo de lucro para o mantemento de tres dispositivos destinados á atención integral a mulleres vítimas de explotación sexual e trata	26
Protocolos de actuación contra as violencias sexuais e LGBTIfóbicas	27
Puntos lila e arco iris	27
Campaña Agresión Off: “Eu digo non á violencia sexual”	28
Centros Quérote+	29
Centros de crise 24 horas para vítimas de violencia sexual	30
Instituto de Medicina Legal de Galicia (Imelga)	32
GLOSARIO	37
BIBLIOGRAFÍA E FONTES UTILIZADAS	38

INTRODUCCIÓN

A **violencia sexual** comprende calquera acto de natureza sexual cometido sen o consentimento da vítima, incluíndo agresións, abusos, acoso, explotación sexual, trata con fins de explotación e outras formas de violencia baseadas no xénero. Estes delitos afectan maioritariamente ás mulleres e ás nenas, aínda que tamén poden afectar a homes e menores, e teñen consecuencias devastadoras a nivel físico, psicolóxico e social.

O **Código Penal español** recolle a tipificación destes delitos no **Título VIII ("Delitos contra a liberdade e indemnidade sexuais")**, establecendo que:

"Comete agresión sexual quen realizase calquera acto que atente contra a liberdade sexual doutra persoa sen o seu consentimento, empregando violencia, intimidación ou abuso de superioridade" (**art. 178 do Código Penal**).

A entrada en vigor da **Lei orgánica 10/2022, do 6 de setembro, de garantía integral da liberdade sexual**, coñecida como a *Lei do Só Si é Si*, supuxo unha transformación profunda na tipificación dos delitos sexuais, eliminando a distinción entre abuso e agresión e establecendo que o **consentimento** debe ser o elemento central para determinar a existencia dun delito:

"Só se entenderá que hai consentimento cando este se manifeste libremente mediante actos que, en atención ás circunstancias do caso, expresen de maneira clara a vontade da persoa." (**art. 178.1 do Código Penal reformado pola LO 10/2022**).

Para unificar os criterios de actuación tras esta reforma, a **Fiscalía Xeral do Estado** emitiu a **Circular 1/2023, do 29 de marzo**, que proporciona directrices claras na interpretación dos delitos contra a liberdade sexual e na aplicación das penas correspondentes. Esta circular ten como obxectivo unificar a interpretación e aplicación das novas disposicións legais, garantindo unha resposta coherente e eficaz ante os delitos de violencia sexual. Un dos aspectos fundamentais que aborda é a importancia de aplicar unha **perspectiva de xénero** na análise e persecución destes delitos, recoñecendo a súa raíz estrutural na desigualdade entre homes e mulleres.

Ademais, a circular proporciona directrices sobre a valoración do **consentimento**, que se sitúa no centro da nova regulación. Establece que só se entenderá que hai consentimento cando este se manifeste libremente mediante actos que expresen de maneira clara a vontade da persoa. Isto implica que calquera acto sexual sen consentimento explícito debe ser considerado agresión sexual, eliminando a anterior distinción entre abuso e agresión.

A **Lei orgánica 4/2023, do 27 de abril**, introduciu modificacións adicionais para mellorar a protección dos menores fronte ás ameazas dixitais, penalizando novas formas de criminalidade como os *deepfakes* e o *grooming*, e incrementando a idade mínima para abrir unha conta en redes sociais de 14 a 16 anos.

No ámbito autonómico, a **Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero**, recoñece que a violencia sexual forma parte da violencia de xénero e establece medidas de protección específicas para as vítimas:

"Considéranse formas de violencia de xénero (entre outras) as seguintes:

d) Violencia sexual e abusos sexuais, que inclúen calquera acto de natureza sexual forzada polo agresor ou non consentida pola muller, e que abarcan a imposición, mediante a forza ou con intimidación, de relacións sexuais non consentidas, e o abuso sexual, con independencia de que o agresor garde ou non relación conxugal, de parella, afectiva ou de parentesco coa vítima.

e) Acoso sexual, que inclúe aquelas condutas consistentes na solicitude de favores de natureza sexual, para si ou para unha terceira persoa, nas que o suxeito activo se prevale dunha situación de superioridade laboral, docente ou análoga, co anuncio expreso ou tácito á muller de causarlle un mal relacionado coas expectativas que a vítima teña no ámbito da devandita relación, ou baixo a promesa dunha recompensa ou dun premio no ámbito desta.

f) A trata de mulleres e nenas con fins de explotación sexual.

i) Calquera outra forma de violencia recollida nos tratados internacionais que lesione ou sexa susceptible de lesionar a dignidade, a integridade ou a liberdade das mulleres." (letras d), e), f) e i) do art. 3 da Lei 11/2007).

A violencia sexual constitúe unha grave vulneración dos dereitos fundamentais, cun impacto profundo nas vítimas e na sociedade no seu conxunto. A súa análise detallada é fundamental para comprender a evolución desta problemática, detectar patróns e avaliar a eficacia das políticas públicas destinadas á súa prevención e persecución.

Este informe anual sobre violencia sexual en Galicia recolle os datos oficiais sobre os delitos contra a liberdade sexual rexistrados na comunidade autónoma, co obxectivo de ofrecer unha visión clara da súa evolución ao longo do tempo. Mediante a recompilación e análise destas cifras, preténdese identificar

tendencias, avaliar os efectos das medidas lexislativas e propor recomendacións para a mellora da resposta institucional fronte a este tipo de violencia.

Nos últimos anos, o contexto lexislativo en España experimentou cambios significativos neste ámbito, especialmente coa entrada en vigor da Lei orgánica 10/2022, do 6 de setembro, de garantía integral da liberdade sexual. Esta norma establece unha re definición dos delitos sexuais, reforza a protección das vítimas e introduce novas medidas de prevención e sensibilización. Ademais, modifica o Código Penal para unificar as tipoloxías de abuso e agresión sexual, recoñecendo que a falta de consentimento debe ser o elemento central para determinar a existencia dun delito.

A análise estatística contida neste informe permitirá avaliar o impacto desta reforma en Galicia, tanto no incremento das denuncias como na capacidade de esclarecemento dos delitos e no funcionamento do sistema xudicial. Así mesmo, permitirá detectar posibles necesidades de adaptación nos protocolos de actuación e na atención ás vítimas, contribuíndo así a unha resposta máis eficaz e garantista por parte das institucións.


PRINCIPAIS CONCLUSIÓNS

- En Galicia, no ano 2024 houbo un **descenso global** (do -3,5%) dos delitos contra a liberdade sexual: pasando de rexistrarse 821 en 2023 a 792 en 2024.
- Por tipo de delito, as **agresións sexuais con penetración caen notablemente, un 10,4%**, pasando de rexistrarse 201 no 2023 a 180 no 2024.
- A **primavera**, de abril a xuño, é o período no que se rexistran máis delitos contra a liberdade sexual.
- No ano 2024, o **23%** dos delitos cometidos contra a liberdade sexual en Galicia **foron agresións sexuais con penetración**.
- Por provincias, **Pontevedra** é a que **rexistrou máis delitos sexuais no ano 2024**, 329 que supoñen case o **42% do total** de delitos sexuais en Galicia.
- Analizando o período de 9 anos, vese que nestes anos os delitos totais contra a liberdade sexual practicamente **duplácanse**, incrementándose un 92% en España. En Galicia, este incremento é algo menor, cun 83%.
- O incremento total no período é de **máis do 66% no caso de España e lixeiramente inferior, do 55% no caso de Galicia**, o que evidencia unha maior visibilización ou frecuencia destas condutas.
- En relación coa poboación existente, a representación territorial da **taxa de delitos coñecidos contra a liberdade sexual por dez mil habitantes**, no ano 2024, sitúa a Baleares, Navarra, Canarias, Ceuta e Cataluña como as comunidades con maior número de delitos.
- **Galicia**, cunha taxa do **2,9** é a **4º comunidade autónoma con menor taxa de delitos**.

DATOS SOBRE VIOLENCIA SEXUAL EN GALICIA

Segundo os datos trimestrais do Portal de criminalidade do Ministerio do Interior, en Galicia, no período xaneiro-décembro do ano 2024 houbo un **descenso global dos delitos contra a liberdade sexual con respecto ao ano anterior: pasando de rexistrarse 821 en 2023 a 792 en 2024 (-3,5%)**.

GALICIA



En relación á **evolución**, desde o ano 2016 (primeira serie dispoñible no Portal de Criminalidade), obsérvase que a tendencia deste tipo de delitos foi a de crecemento, incrementáronse case un 82,5% neses anos ata o 2024. A nivel interanual, o incremento foi do 10% de media, a pesar dos descensos do ano 2020, como consecuencia da situación xerada pola pandemia da Covid-19 (-14%), do ano 2022 (-8%) e do ano 2024 (-3,53%). Os incrementos interanuais máis notables dos delitos contra a liberdade sexual en Galicia rexistráronse nos anos 2021 (29,2%) e 2023 (26,5%).


Analizando **por tipo de delito**, destaca o incremento no número de delitos de agresión sexual con penetración, aumentando nese período un 350% ao pasar de 40 delitos rexistrados no ano 2016 aos 180 do 2024. A media interanual de crecemento foi do 43,8%, e destacan os incrementos rexistrados no 2019 (63,16%) e no 2022 (91,36%), cando case duplica a cifra do ano anterior. A pesar desta tendencia, no último ano **as agresións sexuais con penetración caen notablemente, pasando de rexistrarse 201 no 2023 a 180 no 2024 (-10,4%)**.

En canto ao Resto de delitos contra a liberdade sexual, medran tamén neste período 2016-2024, pero en menor medida (55,3%), rexistrando un crecemento interanual do 6,9% de media. Este tipo de delitos rexistraron descensos nos anos


2020 (-10,5%), 2022 (-21%) e 2024 (-1,29%); e os incrementos interanuais máis notables rexistráronse no 2021 (28,8%) e 2023 (25,5%). No último ano apenas baixan (-1,3%), pasando de 620 no 2023 a 612 no 2024.

En canto á **temporalidade**, a **primavera**, de abril a xuño, é o **período no que se rexistraron máis delitos contra a liberdade sexual**, coa excepción das agresións sexuais con penetración, que rexistraron a maior parte dos delitos no primeiro trimestre do ano.

GALICIA



Polo que respecta á **proporción**, no ano 2024, o **23%** dos delitos cometidos contra a liberdade sexual en Galicia **foron agresións sexuais con penetración**, cifra algo inferior aos datos nacionais, onde supuxeron o 25% do total de delitos no ano 2024. A proporción que representan estas agresións no total de delitos baixou levemente en Galicia no 2024, pasando do 24,5% no 2023 ao 22,7% no 2024. A nivel nacional, esta proporción mantense máis ou menos estable tamén, cun leve incremento (24,4% no 2023 e 24,6% no 2024).



Por **provincias**, **Pontevedra** é a que **rexistrou máis delitos sexuais no ano 2024**, 329 que supoñen case o **42% do total** de delitos sexuais en Galicia.

	Variación % 2024/2023		
	Delitos contra a liberdade sexual	Agresión sexual con penetración	Resto de delitos contra a liberdade sexual
GALICIA	-3,5	-10,4	-1,3
A CORUÑA	-12,2	-24,4	-8,6
LUGO	3,5	-41,7	21,0
OURENSE	-23,1	-8,7	-27,2
PONTEVEDRA	11,1	13,2	10,5

Pontevedra é a provincia con maior incremento en canto ao número de delitos rexistrados nos últimos anos, aumentando un 11,1% o número de delitos no ano 2024 con respecto ao ano 2023. Este incremento deuse **tamén por tipo de delito**, sendo superior nos casos de agresión sexual con penetración (13,2%) que no resto de delitos contra a liberdade sexual.


Lugo tamén presenta un incremento no número total de delitos contra a liberdade sexual rexistrado no ano 2024 con respecto ao 2023, pero é de destacar o **descenso, de case o 42% nos casos de agresión sexual con penetración**. No caso do resto de delitos contra a liberdade sexual, produciuse, sen embargo, un notable aumento dos casos, chegando ao 21%.

As provincias de **A Coruña e Ourense**, pola súa parte, rexistraron notables **descensos** nos delitos contra a liberdade sexual. A Coruña presenta un descenso global de máis do 12%, sendo as agresións sexuais con penetración o tipo de

delito que reduciu maiormente o número de casos, reducíndoos nun 24,4%. O resto de delitos contra a liberdade sexual tamén tiveron un notable descenso con respecto ao ano 2023, reducíndose un 8,6%.


Ourense é a provincia con maior descenso no número de delitos contra a liberdade sexual rexistrados, cun 23,1% menos delitos no 2024 con respecto ao 2023. Por tipo de delito, as agresións sexuais con penetración descenden un 8,7%, pero o maior peso neste descenso é o de resto de delitos contra a liberdade sexual, para os que se reduce nun 27,2% o número de delitos rexistrados.

Se analizamos a **evolución do número de delitos desde o 2016**, Ourense aparece como a provincia con maior incremento no número de delitos contra a liberdade sexual rexistrados nese período, cun aumento do 344,4% e unha media de crecemento interanual do 43%.



Por tipo de delito, na provincia de Ourense as agresións sexuais con penetración aumentaron un 2.000% neste período, pasando de 1 agresión no 2016 a 21 no 2024. Destacan os anos 2017, cun incremento do 400% e 2021 e 2022, xusto despois da pandemia da Covid-19, anos nos que se deron incrementos do 100% e do 140%, respectivamente.


En Pontevedra, a evolución é semellante á que se produce a nivel galego, rexistrando un incremento do total do período dun 81,8% e unha media de crecemento interanual do 10,2%.



Por tipo de delito, as agresións sexuais con penetración aumentan un 250%, e os anos de maiores delitos foron o 2018 e o 2019, con subidas do 92% e o 80%, respectivamente.


A provincia de Lugo presenta un incremento do 71% no número de delitos contra a liberdade sexual rexistrados desde o 2016 ata o 2024, o que supón unha media interanual do 8,9%. Por tipo de delito, destaca, ao igual que nas outras provincias, o incremento rexistrado nas agresións sexuais con penetración, que foi do 250% para o total do período. Os anos de maior incremento deste tipo de delitos foron o 2022 e o 2023, con aumentos no número de agresións rexistradas do 71,4% e do 100%, respectivamente.

LUGO



A provincia da Coruña é a que presenta menor incremento no número de delitos contra a liberdade sexual neste período, incrementándose nun 60% desde o 2016. Sen embargo, por tipo de delitos, as agresións sexuais con penetración presentan o maior incremento das catro provincias, aumentando un 436,4% entre o 2016 e o 2024.

A CORUÑA



No que respecta aos **datos a nivel municipal**, o Portal de Criminalidade do Ministerio só amosa datos dos concellos de máis de 10.000 habitantes das provincias da Coruña e Pontevedra. No caso de Lugo e Ourense, os datos que ofrece son unicamente os das capitais de provincia.

No caso das **provincias da Coruña e Pontevedra**, as provincias máis habitadas, **o total de concellos de máis de 10.000 habitantes rexistran o 69,7% e o 70,02% do total da provincia**, respectivamente. Lugo e Ourense, sen embargo, presentan situacións moi diferentes, pois só as cidades de Lugo e Ourense rexistran poboación superior aos 10.000 habitantes, e o número de delitos rexistrados, con respecto ao total provincial, é moito máis destacado: **52,5% no caso de Ourense e 28,1% no caso de Lugo**; o cal indica que a maioría dos delitos rexístranse nos municipios pequenos, xa que Lugo só conta con 5 localidades de máis de 10.000 habitantes e Ourense con 4.

Atendendo ao número de delitos rexistrados, **Vigo lidera o ranking dos concellos, co 19% dos delitos contra a liberdade sexual cometidos en Galicia** (case o 46% dos delitos cometidos en toda a provincia). Detrás, por número de delitos, estarían as restantes 6 cidades galegas.

No que respecta ao resto de concellos, destacan a cifras de **Carballo, Arteixo e Ames**, con 19, 14 e 11 delitos, respectivamente, que supoñen o 5,6% do total de delitos rexistrados en Galicia.

	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024
Ames									
Delitos contra a liberdade e indemnidade sexual	7	8	4	6	9	4	10	8	11
Agresión sexual con penetración	0	0	0	1	0	1	3	4	2
Resto de delitos contra a liberdade e indemnidade sexual	7	8	4	5	9	3	7	4	9
Arteixo									
Delitos contra a liberdade e indemnidade sexual	7	4	5	7	6	9	4	9	14
Agresión sexual con penetración	2	0	0	2	0	0	1	3	1
Resto de delitos contra a liberdade e indemnidade sexual	5	4	5	5	6	9	3	6	13
Cambre									
Delitos contra a liberdade e indemnidade sexual	-	-	-	-	4	6	3	2	5
Agresión sexual con penetración	-	-	-	-	1	2	2	0	1
Resto de delitos contra a liberdade e indemnidade sexual	-	-	-	-	3	4	1	2	4
Carballo									
Delitos contra a liberdade e indemnidade sexual	5	4	11	2	6	8	14	5	19
Agresión sexual con penetración	1	0	3	0	1	0	2	2	5
Resto de delitos contra a liberdade e indemnidade sexual	4	4	8	2	5	8	12	3	14
Coruña (A)									
Delitos contra a liberdade e indemnidade sexual	61	53	58	77	55	79	58	69	63
Agresión sexual con penetración	0	2	5	2	5	7	9	15	10
Resto de delitos contra a liberdade e indemnidade sexual	61	51	53	75	50	72	49	54	53
Culleredo									
Delitos contra a liberdade e indemnidade sexual	-	-	5	8	5	7	3	8	7
Agresión sexual con penetración	-	-	0	0	0	0	0	1	1
Resto de delitos contra a liberdade e indemnidade sexual	-	-	5	8	5	7	3	7	6
Ferrol									
Delitos contra a liberdade e indemnidade sexual	8	13	20	21	19	25	20	21	33

INFORME ANUAL SOBRE VIOLENCIAS SEXUAIS EN GALICIA. 2024

Agresión sexual con penetración	0	2	1	5	3	7	10	12	11
Resto de delitos contra a liberdade e indemnidade sexual	8	11	19	16	16	18	10	9	22
Narón									
Delitos contra a liberdade e indemnidade sexual	6	2	2	9	5	10	13	6	9
Agresión sexual con penetración	0	0	0	0	2	2	5	3	3
Resto de delitos contra a liberdade e indemnidade sexual	6	2	2	9	3	8	8	3	6
Oleiros									
Delitos contra a liberdade e indemnidade sexual	4	9	10	7	8	9	9	12	4
Agresión sexual con penetración	1	0	2	1	2	1	3	3	2
Resto de delitos contra a liberdade e indemnidade sexual	3	9	8	6	6	8	6	9	2
Ribeira									
Delitos contra a liberdade e indemnidade sexual	-	-	-	-	8	6	7	12	5
Agresión sexual con penetración	-	-	-	-	0	2	3	1	0
Resto de delitos contra a liberdade e indemnidade sexual	-	-	-	-	8	4	4	11	5
Santiago de Compostela									
Delitos contra a liberdade e indemnidade sexual	20	24	23	42	17	30	31	61	35
Agresión sexual con penetración	2	4	4	12	4	5	11	13	10
Resto de delitos contra a liberdade e indemnidade sexual	18	20	19	30	13	25	20	48	25
Lugo									
Delitos contra a liberdade e indemnidade sexual	19	18	27	27	25	22	24	33	25
Agresión sexual con penetración	1	1	3	1	4	2	7	9	1
Resto de delitos contra a liberdade e indemnidade sexual	18	17	24	26	21	20	17	24	24
Ourense									
Delitos contra a liberdade e indemnidade sexual	9	23	34	27	22	36	51	43	42
Agresión sexual con penetración	1	3	4	5	3	6	18	15	12
Resto de delitos contra a liberdade e indemnidade sexual	8	20	30	22	19	30	33	28	30
Cangas									
Delitos contra a liberdade e indemnidade sexual	-	-	-	-	7	2	7	7	7
Agresión sexual con penetración	-	-	-	-	0	1	3	2	0
Resto de delitos contra a liberdade e indemnidade sexual	-	-	-	-	7	1	4	5	7
Estrada (A)									
Delitos contra a liberdade e indemnidade sexual	-	-	-	-	1	4	3	4	1
Agresión sexual con penetración	-	-	-	-	0	1	2	1	0
Resto de delitos contra a liberdade e indemnidade sexual	-	-	-	-	1	3	1	3	1
Lalín									
Delitos contra a liberdade e indemnidade sexual	-	-	-	-	9	2	2	2	6
Agresión sexual con penetración	-	-	-	-	0	0	2	0	0
Resto de delitos contra a liberdade e indemnidade sexual	-	-	-	-	9	2	0	2	6
Marín									
Delitos contra a liberdade e indemnidade sexual	-	-	-	-	3	6	4	7	8
Agresión sexual con penetración	-	-	-	-	0	0	1	0	2
Resto de delitos contra a liberdade e indemnidade sexual	-	-	-	-	3	6	3	7	6
O Porriño									
Delitos contra a liberdade e indemnidade sexual	-	-	-	-	3	5	5	5	6
Agresión sexual con penetración	-	-	-	-	1	0	1	2	2
Resto de delitos contra a liberdade e indemnidade sexual	-	-	-	-	2	5	4	3	4
Pontevedra									
Delitos contra a liberdade e indemnidade sexual	27	17	14	27	21	29	26	25	29
Agresión sexual con penetración	1	0	4	7	5	4	3	7	4
Resto de delitos contra a liberdade e indemnidade sexual	26	17	10	20	16	25	23	18	25
Ponteareas									
Delitos contra a liberdade e indemnidade sexual	-	-	-	-	4	15	3	13	10
Agresión sexual con penetración	-	-	-	-	0	1	0	3	5
Resto de delitos contra a liberdade e indemnidade sexual	-	-	-	-	4	14	3	10	5
Redondela									
Delitos contra a liberdade e indemnidade sexual	-	-	-	-	1	7	6	3	6
Agresión sexual con penetración	-	-	-	-	1	0	3	1	5
Resto de delitos contra a liberdade e indemnidade sexual	-	-	-	-	0	7	3	2	1

Vigo									
Delitos contra a liberdade e indemnidade sexual	64	58	72	86	104	115	95	124	151
Agresión sexual con penetración	9	4	10	14	7	13	17	36	47
Resto de delitos contra a liberdade e indemnidade sexual	55	54	62	72	97	102	78	88	104
Vilagarcía de Arousa									
Delitos contra a liberdade e indemnidade sexual	6	13	7	12	10	13	12	14	7
Agresión sexual con penetración	2	0	1	2	0	0	6	5	4
Resto de delitos contra a liberdade e indemnidade sexual	4	13	6	10	10	13	6	9	3

Polo que respecta da [taxa de delitos coñecidos contra a liberdade sexual por dez mil habitantes](#), Galicia presenta un **2,93**, máis de un punto e medio por baixo da media española (4,5 delitos/10.000 habitantes).

Por provincias, destaca **Pontevedra**, cun 3,48 de delitos/10.000 habitantes.

Na análise por concellos, destaca Carballo, coa maior taxa de delitos por 10.000 habitantes, seguido de Vigo e Ferrol con 5,14 cada un.

GALICIA


2,93

Provincia de CORUÑA (A)	2,61	Provincia de OURENSE	2,63
Ames	3,35	Ourense	4,00
Arteixo	4,11		
Cambre	2,02	Provincia de PONTEVEDRA	3,48
Carballo	6,01	Cangas	2,62
Coruña (A)	2,53	Estrada (A)	0,50
Culleredo	2,25	Lalín	2,96
Ferrol	5,14	Marín	3,31
Narón	2,29	Ponteareas	4,31
Oleiros	1,04	Pontevedra	3,49
Ribeira	1,84	Porriño, O	2,90
Santiago de Compostela	3,52	Redondela	2,07
Provincia de LUGO	2,74	Vigo	5,14
Lugo	2,51	Vilagarcía de Arousa	1,85

COMPARATIVA COS DATOS DE VIOLENCIA SEXUAL EN ESPAÑA

A nivel nacional, no ano 2024 rexistráronse 21.159 delitos contra a liberdade sexual, o que supón un **incremento do 5,7% con respecto aos datos do 2023**, manténdose a tendencia alcista dos últimos anos.

En relación á **evolución** na última década, os datos do Balance Trimestral de Criminalidad reflicten unha evolución paralela de Galicia con respecto aos datos nacionais, cunha tendencia crecente. Analizando o **período de 9 anos**, vese que nestes anos os delitos totais contra a liberdade sexual practicamente **duplícanse**, incrementándose un 92% en España. En Galicia, este incremento é algo menor, cun 83%.



No primeiro quinquenio, obsérvase que, a nivel nacional, este tipo de delitos incrementáronse case un 5,7% no 2024, pero nunha porcentaxe claramente inferior ao incremento interanual observado nos anos anteriores (15,1% en 2023 sobre 2022).


	xaneiro- decembro 2020	xaneiro- decembro 2021	xaneiro- decembro 2022	xaneiro- decembro 2023	xaneiro- decembro 2024
ESPAÑA					
Delitos contra a liberdade sexual	13.174	17.016	17.367	20.021	21.159
Agresión sexual con penetración	1.596	2.143	4.270	4.880	5.206
Resto de delitos contra a liberdade sexual	11.578	14.873	13.097	15.141	15.953
GALICIA					
Delitos contra a liberdade sexual	547	707	649	821	792
Agresión sexual con penetración	61	81	155	201	180
Resto de delitos contra a liberdade sexual	486	626	494	620	612

Este crecemento rómpese no 2020 debido ás circunstancias provocadas pola pandemia da Covid-19, que marcaron unhas cifras de delito contra a liberdade sexual inferiores ás dos anos anteriores (-14%). En certos anos, os incrementos foron máis acusados en Galicia: o 18,6% no 2019 e 22,25% no 2023, fronte ao 11,29% e 29,16% en España, respectivamente. As maiores diferenzas con respecto á evolución a nivel nacional prodúcense nos anos 2022 e 2024, nos que se produce un descenso dos delitos contra a liberdade sexual en Galicia (do -8,20% e -3,53%, respectivamente) mentres que a nivel nacional continúaase coa tendencia de crecemento neses mesmos anos (2,06% e 5,68%, respectivamente).

A **proporción** dos delitos rexistrados en Galicia con respecto ao total de España mantense bastante constante en todo o período, arredor do 3,7–4,2% dos casos estatais, cifra acorde coa proporción en canto á poboación, posto que nestes anos Galicia rexistrou unha poboación que supuxo entre o 5,5% e o 5,8% do total estatal.

Por **tipo de delito**, os datos son similares, cun incremento do 6,7% no caso das agresións sexuais con penetración e do 5,4% no caso do resto de delitos contra a liberdade sexual.

As **agresións con penetración multiplicáronse por máis de 4 nos últimos 9 anos**, en Galicia pasan de 40 a 180 entre 2016 e 2024 (+350%) e en España pasan de 1.249 a 5.206 (+316%).




Como fitos a sinalar, no caso de Galicia destaca o ano 2019, no que case se duplican os delitos con respecto ao ano anterior. A partir do ano 2021, hai un elevado número de delitos rexistrados, que duplican as cifras do ano anterior, tanto a nivel nacional como autonómico. A partir do ano 2022, as cifras seguen en aumento, pero destaca no caso de Galicia o descenso do -10,45% no ano 2024 deste tipo de delitos. En canto aos datos a nivel nacional, continúa a tendencia alcista, pero de forma máis moderada, xa que os delitos contra a liberdade sexual con penetración medran no 2024 un 6,7%, fronte ao incremento do 14,2% experimentado no 2023.

A **proporción** que representan estas agresións no total de delitos pasou do 9,2% en Galicia e o 11,5% en España no 2016 a máis do 24% no 2023. En Galicia esta proporción baixa no 2024, pero mantense por riba do 22%.

O resto de delitos contra a liberdade sexual, como acoso sexual, abusos, exhibicionismo ou corrupción de menores, entre outros, ofrecen tamén unha tendencia semellante: aumento sostido con pequenas oscilacións.


Galicia está en liña coa media estatal, aínda que cun comportamento máis irregular.



A **evolución** é claramente ascendente, a nivel nacional pásase de **9.595 delitos rexistrados no 2016 a 15.953 no 2024**. Os únicos retrocesos foron no 2020, cunha baixada notable (do -13,98% a nivel nacional e do -10,5% en Galicia) debido, como se comentou anteriormente, á especial situación provocada pola pandemia da Covid-19; e no 2022, ano no que baixan en xeral os delitos rexistrados (-11,94% en España) e no que destaca o descenso producido en Galicia, case 10 puntos por riba dos datos nacionais (-21,09%). Este descenso puido deberse a cambios na tipificación penal derivados da Lei orgánica 10/2022, a factores metodolóxicos na recollida de datos ou a reaxustes nos protocolos de denuncia ou atención.

O incremento total no período é de **máis do 66% no caso de España e lixeiramente inferior, do 55% no caso de Galicia**, o que evidencia unha maior visibilización ou frecuencia destas condutas.

Polo que respecta da **taxa de delitos coñecidos contra a liberdade sexual por dez mil habitantes**, Galicia é a cuarta comunidade autónoma con menor taxa de delitos, presentando un **2,93**, case un punto e medio por baixo da media española (4,35 delitos/10.000 habitantes).



RECURSOS E SERVIZOS PARA A PREVENCIÓN E ATENCIÓN DA VIOLENCIA SEXUAL EN GALICIA

Sensibilización sobre violencia sexual

- **Charla informativa sobre agresións sexuais e violencia sexual**

Esta charla inclúese entre as actuacións ofertadas ás entidades locais galegas adheridas á Rede Galega de Entidades Locais contra a Violencia de Xénero, pola Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero, ao abeiro do convenio de colaboración asinado coa FEGAMP.

A charla desenvólvese a cargo de persoal especializado na materia, dirixida preferentemente a xente moza, para reflexionar sobre o bo trato nas primeiras relacións, para identificar as tipoloxías de violencias sexuais, evitar ditas agresións e incidir nunha educación afectivo-sexual alternativa á pornografía.

No 2024, esta actividade realizouse en **38 entidades locais**:

Charla informativa sobre agresións sexuais e violencia sexual			
A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
14	7	9	8

- **Charla informativa: “A nova escravitude do século XXI: Trata de seres humanos con fins de explotación sexual, outra forma de violencia de xénero”**

Son charlas de sensibilización impartidas por persoal da Rede Galega contra a Trata que teñen como finalidade sensibilizar sobre a trata con fins de explotación sexual e a explotación sexual como formas de violencia de xénero.

Estas charlas enmárcanse no Plan proxecta, unha iniciativa da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, en colaboración con diferentes organismos, dirixida a fomentar a innovación educativa nos centros a través de programas educativos que desenvolvan as competencias clave como eixe do currículo e os elementos transversais, nos cales se inclúe a educación en valores. Un destes programas é “Por 365 días de respecto e igualdade” (da Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero), que ten como obxectivo a **prevención da violencia de xénero dentro do ámbito educativo** e que vai dirixido a alumnado de ESO, bacharelato, FP e adultos.

En 2024 contaron con esta actividade 24 centros educativos de Galicia.

Charlas de sensibilización: "A nova escravitude do século XXI: Trata de seres humanos con fins de explotación sexual, outra forma de violencia de xénero"			
A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
9	4	4	7

- Accións de información, prevención e sensibilización sobre violencia sexual, trata con fins de explotación sexual e explotación sexual, así como apoio ás vítimas, especialmente mulleres inmigrantes, en colaboración coa Rede Galega contra a Trata.

A finalidade principal destas accións é contribuír á transmisión de valores igualitarios e á ruptura de estereotipos de xénero, fundamentalmente entre as mulleres inmigrantes, así como accións de información, a través de todas as vías que favorezan o coñecemento dos recursos e servizos existentes para a atención ás vítimas da violencia sexual, trata con fins de explotación sexual e explotación sexual, realizando a máxima difusión dos mesmos entre a poboación inmigrante, así como prestar apoio directo ás vítimas.

Están enfocadas en proporcionar ás vítimas ferramentas que favorezan o seu desenvolvemento nos ámbitos social, laboral e económico. Ademais, a Rede Galega contra a Trata tamén ofrece programas específicos de atención integral, que inclúen acollida, axuda psicolóxica, asesoramento xurídico e asistencia directa.

Das accións levadas a cabo por 11 entidades da Rede Galega contra a Trata destácanse os seguintes datos:

145 accións de sensibilización e información fronte á prostitución e a trata con fins de explotación sexual como formas de violencia contra as mulleres desenvolvidas.

3.679 participantes nas accións de sensibilización e información fronte á prostitución e a trata con fins de explotación sexual como formas de violencia contra as mulleres.

Ademais, tamén se realizou a "XIII Xornada da Rede Galega contra a Trata Sexual", que tivo lugar o 17 de outubro, baixo o tema de "A demanda de prostitución como causa de violencia". Este evento desenvolveuse en Santiago de Compostela, no Edificio SGAE.

Programa de Intervención con mulleres vítimas de abuso e violencia sexual

En colaboración coa Fundación Meniños, a Xunta de Galicia desenvolveu durante o 2024 un programa de apoio a mulleres vítimas de violencia e abuso sexual, co obxectivo de ofrecer as vítimas un espazo seguro onde se sintan acompañadas no proceso de sanación psicolóxico-emocional. Este programa levouse a cabo nas catro provincias galegas, nas que se atenderon **116 casos** con sesións individuais coas mulleres e nalgún caso sesións familiares.

Programa de Intervención con mulleres vítimas de abuso e violencia sexual			
A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
49	16	14	37
Total: 116 casos			

Proxecto Re-incorpórate:

Como complemento á intervención terapéutica, no ano 2024, continuouse co proxecto Reincorpórate, a través do cal se trata de impulsar a recuperación integral das mulleres vítimas de violencia sexual a través da combinación dunha intervención psicolóxica e un adestramento físico de forza nunha contorna de seguridade que teña en conta as súas necesidades específicas tanto físicas como emocionais.

Esta modalidade de proxecto actúa intentando reducir a sintomatoloxía traumática, mellorar a autoestima, a sensación de benestar e o auto coidado. No 2024 beneficiáronse deste programa un total de **12 mulleres**.

Programa de atención integral para mulleres vítimas de trata de seres humanos con fins de explotación sexual

Trátase de prestar atención social integral a persoas en situación de explotación sexual, principalmente inmigrantes e/ou vítimas de trata de seres humanos con fins de explotación sexual e/ou laboral na Comunidade Autónoma de Galicia. O obxectivo é apoiar a recuperación e a integración social e laboral destas persoas. A través da colaboración con ONG especializadas, desenvolvéronse accións de asesoramento social e apoio directo nas relacións coas distintas entidades, organismos e servizos para a realización de trámites administrativos de diversa índole. O programa tamén inclúe atención psicolóxica, asesoramento xurídico, orientación laboral e apoio no traballo de rúa.

Neste marco, no ano 2024, o programa contou cun orzamento de 450.000 €, e atendeu a un total de 605 persoas.

Persoas participantes por provincia de residencia	
Provincia	N.º de participantes
A Coruña	304
Lugo	160
Ourense	86
Pontevedra	55
Total	605

Convenios de colaboración con entidades sen ánimo de lucro para o mantemento de tres dispositivos destinados á atención integral a mulleres vítimas de explotación sexual e trata

No ámbito da Rede Galega de Acollemento, no ano 2024 renováronse os convenios de colaboración con entidades sen ánimo de lucro para o mantemento de tres **dispositivos de acollida** para vítimas de trata e explotación sexual (pisos de Cáritas Santiago, Cáritas OU e Aliad Ultraia).

A vulnerabilidade das mulleres vítimas de explotación sexual (situación de persoas explotadas e rexeitamento social que soportan, dificultades do idioma, medo, situación de inmigración ilegal) ponse especialmente de manifesto cando as mulleres deciden rachar coa situación de explotación na que se atopan.

No ano 2024 fixeron uso destes recursos un total de **29 mulleres e 6 menores** (2 nenas e 4 nenos). Respecto aos datos das mulleres usuarias, 28 mulleres tiñan nacionalidade estranxeira e só 1 muller era española.

Prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero.

A finalidade destas axudas é proporcionarlles apoio económico ás mulleres que sofren violencia de xénero para tentar garantirlles unhas condicións suficientes de independencia económica respecto do agresor, ou da persoa que mantiver sobre ela unha relación de dominación para os casos das mulleres vítimas de trata con fin de explotación sexual e/ou explotación sexual, e mais a tentar axudalas a romper coa situación de violencia, dominación e/ou explotación, que lles posibilite dar o primeiro paso ou consolidar a ruptura dunha situación en que corren perigo.

Nº vítimas trata beneficiarias da prestación periódica no ano 2024: 21

Nº vítimas explotación sexual beneficiarias da prestación periódica no ano 2024:
4

Protocolos de actuación contra as violencias sexuais e LGBTIfóbicas

A Xunta de Galicia, no seu compromiso coa erradicación da violencia sexual, desenvolveu dous protocolos, o "Protocolo de actuación contra as violencias sexuais e LGBTIfóbicas nos espazos de lecer nocturno" e o "Protocolo de actuación contra as violencias sexuais e LGBTIfóbicas nos eventos e espazos festivos", co obxectivo de establecer medidas concretas para a prevención, detección e intervención nestas situacións.

Estes protocolos son unha ferramenta esencial para a prevención, sensibilización, atención e acompañamento de vítimas. A continuación, destacamos algúns dos seus contidos máis relevantes:

Principios de actuación: establecen a necesidade dunha resposta rápida e coordinada, garantindo unha atención prioritaria á vítima.

- **Prevención e sensibilización:** Recoméndase realizar actuacións de formación, información e sensibilización, co fin de previr situacións de violencia sexual ou LGBTIfóbica.
- **Intervención e acompañamento:** define procedementos de actuación ante unha agresión, asegurando a protección da vítima e a activación dos recursos necesarios.
- **Intervención coordinada:** Destácase a necesidade dunha resposta coordinada entre administracións, forzas de seguridade e entidades especializadas, para garantir unha resposta eficaz e unha atención integral ás vítimas.

Puntos lila e arco iris

Durante os **meses de maio, xuño, xullo, agosto e setembro**, do ano 2024 establecéronse puntos lilas e arco iris como espazos para a concienciación, sensibilización e información das persoas asistentes sobre as violencias sexuais e LGBTIfóbicas e de comunicación do protocolo de actuación contra as violencias sexuais e LGBTIfóbicas nos eventos festivos publicado pola Xunta de Galicia.

Estes puntos funcionaron como lugares de información e sensibilización sobre as violencias sexuais e tamén como lugares seguros para as vítimas, de asesoramento, acompañamento e atención.

En total, establecéronse puntos lilas e arco iris en **7 festivais**, que prestaron información e atención a un total estimado de **14.720 persoas**:

Provincia	Festival	Datas	Nº persoas punto de información	Nº persoas punto de atención	Total estimado de persoas que se achegaron ao punto lila/arco iris
A Coruña	Festival O SON DO CAMIÑO. Santiago de	30/05/2024 a 01/06/2024	2.600	150	2.750
	Festival Internacional do Mundo Celta de Ortigueira	11/07/2024 a 14/07/2024	1.250	50	1.300
	Festival MORRIÑA FEST. A Coruña.	26/07/2024 a 27/07/2024	1.850	50	1.900
Lugo	estival CAUDAL FEST. Lugo	20/09/2024 a 21/09/2024	1.750	50	1.800
Pontevedra	Festival RÍO VERBENA. Pontevedra	23/08/2024 a 24/08/2024	2.000	150	2.150
	Atlantic Fest. Vilagarcía de Arousa.	19/07/2024 a 21/07/2024	2.450	50	2.500
	Festival PORTAMERICA. Portas.	04/07/2024 a 06/07/2024	2.200	120	2.320
TOTAL			14.100	620	14.720

Campaña Agresión Off: “Eu digo non á violencia sexual”

Campaña específica para a sensibilización contra as violencias sexuais que se desenvolveu nos meses de **outubro a decembro de 2024**. As actividades realizáronse tanto en espazos municipais como en centros educativos. En total, desenvolvéronse **14 actuacións**, coa seguinte distribución territorial por provincias:

Provincia	Actuacións
A Coruña	7
Lugo	1
Ourense	0
Pontevedra	6

Participaron nesta campaña un total de **1.236 persoas**, entre as que se distribuíron **958 unidades de material promocional** con lemas en contra da violencia sexual.

Centros Quérote+

Os centros Quérote+ son un recurso de atención especializada á xuventude, ás súas familias, e a profesionais que traballan no eido xuvenil, dependentes da Dirección Xeral de Promoción da Igualdade e da Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero, da Xunta de Galicia.

Un servizo que naceu no ano 2006 e que está a piques de cumprir os 20 anos de funcionamento.

Actualmente existen 5 centros Quérote+ en: A Coruña, Lugo, Ourense, Vigo e Santiago de Compostela.

Os eidos de intervención correspóndense a: sexualidade, a promoción da diversidade sexual, a atención específica ao colectivo LGTBI+, o benestar emocional, a realización de probas rápidas de VIH e VHC, e a promoción do botrato e a prevención e loita contra a violencia de xénero.

Áreas de intervención e actividade 2024:

A) Área de información, asesoramento e acompañamento

5.186 consultas atendidas en distintos formatos (presencial, telefónica, en liña, mensaxería e videochamada).

Atención a casos de violencia de xénero:

Agresores: 139

Vítimas: 59

B) Área formativa

544 obradoiros realizados en centros educativos, concellos, asociacións, familias e profesionais.

11.941 persoas participantes.

Destaca o traballo con menores en medidas xudiciais e a colaboración con entidades como ACIS, CAFI e EGAP.

C) Área de participación e sensibilización

15 accións de sensibilización desenvolvidas.

Participación en xornadas, campañas e foros.

Campaña propia: *Pon o bo por diante. Usa o botrato.*

Alcance: 5.301 persoas.

Área de información	Número de consultas atendidas	5.186
Área de formación	Número de accións formativas	544
	Número de persoas beneficiarias	11.941
Área de participación e sensibilización	Número de accións realizadas	15
	Número de persoas beneficiarias	5.301

Total de accións levadas a cabo no ano 2024	559
Alcance total do servizo no ano 2024	22.428

O equipo profesional do servizo **Quérote+** está formado por un total de 12 persoas das áreas do: traballo social, a educación social e a psicoloxía. Cóntase ademais con persoal titulado co posgraao de sexoloxía e inscrito como persoal docente acreditado para impartir formación en materia de igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero, da Xunta de Galicia.

Centros de crise 24 horas para vítimas de violencia sexual

No marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, do Plan conxunto plurianual en materia de violencia contra as mulleres (2023-2027) e da Lei Orgánica 10/2022, do 6 de setembro de garantía integral da liberdade sexual, a Xunta de Galicia puxo en marcha en **decembro do 2024** os centros de crise 24 horas: servizos para a atención integral a mulleres vítimas de violencia sexual que brindan atención psicolóxica, xurídica e social.

Actualmente existen **5 centros de crise en Galicia**, localizados nas seguintes cidades:

- **FERROL:** Hospital Profesor Novoa Santos
- **LUGO:** Hospital Universitario Lucus Augusti
- **OURENSE:** PAC, Centro de Especialidades
- **SANTIAGO DE COMPOSTELA:** Hospital Gil Casares
- **VIGO:** Hospital Álvaro Cunqueiro

Estes centros son recursos especializados, abertos as 24 horas, os 365 días do ano, destinados ás **mulleres maiores de 15** anos, independentemente de cal sexa a súa situación administrativa, que **vivisen un intento ou unha situación de violencia sexual**, recentemente ou no pasado, os **seus familiares e persoas da súa contorna íntima**. Atenden tamén **profesionais** e entidades que requiran información ou formación específica.

Teñen como obxectivos xerais:

1. Promover **asistencia inmediata, integral, interdisciplinar e especializada** (xurídica, psicolóxica e social) ás mulleres vítimas de violencia sexual, xa sexa sufrida actualmente ou no pasado, atendendo ás súas necesidades e

demandas particulares, cun apoio interdisciplinar a curto e medio prazo, que lles permita afrontar a crise e facilite a súa recuperación.

2. Xerar un **contexto de seguridade e bo trato**, que evite a vitimización secundaria, así como os efectos negativos que ten para a vítima de violencia sexual o proceso de recoñecemento da experiencia vivida.
3. Desenvolver un **labor divulgativo especializado** de prevención, formación e sensibilización sobre a violencia sexual.

Ademais, teñen tamén como obxectivos específicos impulsar unha atención inmediata, telefónica, telemática e presencial, e garantir un espazo físico e emocional de seguridade, intimidade e confidencialidade, base para a intervención integral e interdisciplinar.

Para cumprir estes obxectivos, os servizos que se prestan desde os centros de crise son os seguintes:

- Acompañamento integral a outros recursos (sanitarios, policiais, sociais ou xudiciais).
- Intervención psicolóxica, xurídica e social especializada.
- Asesoramento á contorna da vítima.
- Derivación e coordinación con outros servizos.
- Accións de sensibilización e formación para a sociedade e sistemas implicados.

Os principios nos que se basea esta prestación dos servizos son os seguintes:

- **Transversalización da perspectiva de xénero:** promovendo o apoderamento e a autonomía da muller cun enfoque centrado na vítima, adaptado ás súas circunstancias, necesidades e particularidades, que respecte os tempos e facilite a expresión da demanda, acompañando as decisións de cada muller en cada caso e o itinerario que ela decida.
- **Intervención en crise:** tendo en conta que a crise non fai referencia só ao momento temporal da agresión, senón á crise vivencial da muller afectada pola violencia, e que pode emerxer en calquera momento da súa vida, en relación a unha violencia sufrida no pasado, que pode coincidir ou non co momento da agresión.
- **Bo trato:** para xerar un contexto que evite a revitimización secundaria e facilite a boa evolución dos casos.
- **Acceso universal:** configurando un recurso accesible a todas as mulleres vítimas de violencia sexual.
- **Acompañamento integral e interdisciplinar:** prestando un servizo ofrecido por un mesmo equipo interdisciplinar, atendendo á integridade das persoas e ao impacto multidimensional da violencia nas súas vidas.
- **Individualización:** atendendo ás necesidades e circunstancias específicas e propias de cada muller, que requiren un plan de traballo individualizado.

- **Confidencialidade:** con suxeición á normativa de protección de datos e aos protocolos de seguridade que garantan esta protección.
- **Coordinación:** cooperación e traballo en rede co resto de recursos públicos ou privados da comunidade, de forma que se facilite o asesoramento, información e a interconexión ás mulleres cos diferentes servizos, en función das necesidades e circunstancias particulares e os ritmos e decisións de cada muller.
- **Enfoque de dereitos humanos:** para reducir o estigma da vítima e mellorar o acceso aos servizos, así como o recoñecemento da sexualidade como aspecto positivo da vida humana.

Instituto de Medicina Legal de Galicia (Imelga)

O Instituto de Medicina Legal de Galicia é un órgano da Administración de xustiza en Galicia, que ten por misión prestarlles asistencia técnica aos tribunais, fiscalías e xulgados en materia de medicina forense. Esta organización, integrada por médicos/as forenses e persoal técnico e auxiliar, ten a súa sede en Santiago de Compostela e centros de traballo situados, ademais de nesta cidade, na Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo.



As funcións que desenvolve son:

- A investigación médico legal en todos os casos de morte violenta ou sospeitosa de criminalidade.
- A intervención no control periódico da evolución dos/as lesionados/as e a valoración dos danos corporais que sexan obxecto de actuacións procesuais.
- A asistencia e vixilancia facultativa das persoas detidas.
- O estudo e a emisión dos informes que lle sexan requiridos polas autoridades xudiciais e fiscais en todos os aspectos médico legais.
- A emisión de informes previstos na normativa sobre o Rexistro Civil (sobre a idade ou sobre o sexo das persoas implicadas en expedientes gubernativos, sobre a causa da morte etc.).
- A formación e especialización dos/as médicos/as forenses e do persoal técnico do Instituto.

O Real Decreto 144/2023 recolle o novo regulamento dos institutos de medicina legal, no que se inclúen as novas Unidades de valoración forense integral (UVFI), unidades funcionais conformadas por profesionais da medicina, da psicoloxía e do traballo social forense cuxo fin é o de construír un sistema probatorio de

calidade nos casos de violencia de xénero, baseándose na visión multidisciplinar dos profesionais que o conforman á hora de abordar a avaliación da vítima, do agresor, do contorno e das circunstancias, para así facilitar a máxima información ao xulgador no seu labor de resolver as cuestións penais e civís relacionadas cos feitos obxecto do procedemento.

Así, na asistencia por parte do IMELGA nos casos de violencia sexual, pode verse un aumento das solicitudes, como resultado do aumento progresivo das denuncias das vítimas:



Casos de agresión sexual 2024: Distribución por idade	
<20 años	166
21-30 años	106
31-40 años	56
41-50 años	32
51-60 años	19
61-70 años	8
71-80 años	2
No rexistrada	154
Total xeral	543

A asistencia ás vítimas das agresións sexuais supón o 33% da actividade pericial neste ámbito. Trátase dunha asistencia integral e de seguimento desde a primeira solicitude, que habitualmente procede do xulgado de garda.

Ao tratarse dunha actuación de garda, a vítima sempre ten á súa disposición un/ha médico/a forense, os 365 días ao ano, 7 días á semana e 24 horas ao día, que acode inmediatamente para a súa asistencia ao servizo de urxencias hospitalarias do hospital de referencia do servizo público de saúde.

Ademais destas actuacións, o Imelga tamén colaborou con outras institucións para a elaboración ou actualización de procedementos de actuación en violencia sexual tanto en adultos como en infancia. Así, desde a Xunta de Galicia actualizáronse e seguíronse os procedementos de atención e actuación fronte a situacións de violencia sexual:

1. Procedementos de actuación Procedemento de atención a persoas vítimas de violencia sexual: En outubro do ano 2022 o Observatorio Galego da Violencia de Xénero aprobou o Procedemento de Atención a Mulleres Vítimas de Agresión Sexual, elaborado por un grupo de profesionais do Servizo Galego de Saúde. Tras a publicación e a entrada en vigor da Lei orgánica 10/2022, do 6 de setembro, de garantía integral da liberdade sexual, este procedemento foi revisado para adaptarse a esta norma.
2. Procedemento de actuación sanitaria fronte ás situacións de violencia na infancia e adolescencia: Este protocolo pretende unificar a resposta do ámbito sanitario á violencia na infancia e a adolescencia a nivel nacional, como estipulan tanto as recomendacións internacionais, como a propia LOPIVI. Está dirixido a profesionais do sistema sanitario, asistenciais ou non asistenciais, así como e tamén a todas aquelas persoas con responsabilidade na xestión e planificación de políticas e recursos sanitarios. Aborda a violencia exercida sobre a infancia e adolescencia,

entendida, segundo queda definida pola LOPIVI, “como toda acción, omisión ou trato negligente que priva ás persoas menores de idade dos seus dereitos e benestar, que ameaza ou interfere o seu ordenado desenvolvemento físico, psíquico ou social, con independencia da súa forma e medio de comisión, incluída a realizada a través das tecnoloxías da información e a comunicación, especialmente a violencia dixital”. Pretende sistematizar a promoción do bo trato, a prevención, a detección e a abordaxe integral de todos os casos de violencia desde unha perspectiva de equidade, xénero, accesibilidade, non discriminación e curso de vida.

Ademais, no 2024 desenvolvéronse os seguintes protocolos:

- Protocolo de actuación e coordinación nos delitos contra a liberdade sexual:

Este protocolo diríxese fundamentalmente á coordinación e cooperación dos operadores xudiciais, sanitarios e forenses, co obxectivo de prestar unha correcta atención pericial ás vítimas e proceder a unha óptima toma e conservación de mostras.

Os principios de actuación que o regulan son:

- Unidade de actuación.
- Idoneidade do lugar de recoñecemento.
- Recepción e asistencia persoal da vítima.
- Acompañamento da vítima por unha persoa da súa elección.
- Consentimento informado, verbal e con constancia na historia clínica de ianus.
- Carácter reservado da intervención.

Para garantir a actuación conxunta e coordinada de todos os operadores implicados, o Protocolo diríxese para a súa aplicación polo persoal do SERGAS, polo persoal de todas as Subdireccións Territoriais do Instituto de Medicina Legal de Galicia e polos órganos xudiciais.

- Protocolo de coordinación entre o Instituto de medicina legal de Galicia e as oficinas de asistencia ás vítimas para a práctica da proba preconstituída:

Este protocolo ten como finalidade definir as funcións do persoal do Instituto de Medicina Legal de Galicia e das Oficinas de Asistencia ás Vítimas e establecer pautas de guía e de coordinación na materia.

Os obxectivos primordiais do presente instrumento son:

- Proporcionar recomendacións de actuación.

- Mellorar a atención da vítima e previr ou minimizar a súa revitimización.
- Promover a coordinación interinstitucional.
- Trasladar aos operadores xurídicos e partes intervenientes na proba, as condicións e pautas máis axeitadas de actuación en prol da vítima e do procedemento.
- Implantar actuacións conducentes á mellora da calidade do servizo público de xustiza.

Os principios de actuación que o regulan son:

- Protección das vítimas e consideración dos seus desexos, sentimentos e opinións.
- Preservación da identidade, cultura, idioma, relixión, conviccións, orientación e identidade sexual das vítimas, así como a non discriminacións das mesmas por estas ou outras condicións.
- Defensa do principio de inmediatez e de oralidade.
- Garantía de que a declaración da vítima:
 - Se realice por unha persoa experta, nun momento emocional óptimo e conforme ás necesidades da vítima.
 - Se practique nun espazo habilitado ao efecto que garanta a súa intimidade e cun soporte audiovisual axeitado.
 - Asista o menor número posible de espectadores.
 - A vítima asista acompañada da persoa da súa confianza.
- Velar porque o número de declaracións sexa o mínimo imprescindible.
- Colaboración e coordinación co persoal que deba intervir na práctica desta dilixencia.
- Evitar a asistencia das vítimas ao xuízo oral.

Este protocolo diríxese para a súa aplicación polo persoal de todas as Subdireccións Territoriais do Instituto de Medicina Legal de Galicia e das Oficinas de Asistencia ás Vítimas de Galicia que deba intervir na práctica da proba preconstituída e dos órganos xudiciais de Galicia.

GLOSARIO

- **Acoso sexual:** condutas consistentes na solicitude de favores de natureza sexual, para si ou para unha terceira persoa, nas que o suxeito activo se prevale dunha situación de superioridade laboral, docente ou análoga, co anuncio expreso ou tácito á muller de causarlle un mal relacionado coas expectativas que a vítima teña no ámbito da devandita relación, ou baixo a promesa dunha recompensa ou dun premio no ámbito desta.
- **Agresión sexual e abuso sexual:** conductas que atenten contra a liberdade sexual sen o consentimento da outra persoa: actos de contido sexual que se realicen empregando violencia, intimidación ou abuso dunha situación de superioridade ou de vulnerabilidade da vítima, así como os que se executen sobre persoas que se atopen privadas de sentido ou de cuxa situación mental se abusara e os que se realicen cando a vítima teña anulada por calquera causa a súa vontade.
- **Detención:** supón a lectura de dereitos da persoa física, privándolle de liberdade e poñéndoo a disposición xudicial, por atribuírle a comisión dunha infracción penal.
- **Feitos coñecidos:** conxunto de infraccións penais, que foron coñecidas polas distintas Forzas e Corpos de Seguridade, ben por medio de denuncia interposta ou por actuación policial realizada motu proprio (labor preventiva ou de investigación).
- **Grooming, ciberengado de menores, engano pederasta:** práctica na que un adulto faise pasar por una persoa menor de idade en Internet ou intenta establecer un contacto con nenos e nenas e adolescentes que dea pe a unha relación de confianza, pasando despois ao control emocional e, finalmente á chantaxe con fins sexuais.
- **Investigado:** persoa física ou xurídica á que se atribúa a participación nun feito penal. Non se adoptan medidas restritivas de liberdade para esa persoa imputada.
- **Violencias sexuais:** actos de natureza sexual non consentidos ou que condicionan o libre desenvolvemento da vida sexual en calquera ámbito público ou privado, o que inclúe a agresión sexual, o acoso sexual e a explotación da prostitución allea, así como todos os demais delitos previstos no Título VIII do Libro II da Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código Penal, orientados especificamente a protexer a persoas menores de idade; o que comprende a difusión de actos de violencia sexual a través de medios tecnolóxicos, a pornografía non consentida e a extorsión sexual.
- **Vitimización:** número de feitos denunciados por persoas nos cales manifestan ser vítimas ou prexudicadas por algunha infracción penal. Diferénciase do concepto de «víctima», xa que este refírese a persoas individuais.

BIBLIOGRAFÍA E FONTES UTILIZADAS

- **Balance de Criminalidad. Trimestres 2024.** Dirección General de Coordinación y Estudios. Secretaría de Estado de Seguridad. Ministerio del Interior.
- **Portal Estadístico de Criminalidad.** Ministerio del Interior. <https://estadisticasdecriminalidad.ses.mir.es/>
- **Informe sobre delitos contra la libertad sexual en España. 2023:** Dirección General de Coordinación y Estudios. Secretaría de Estado de Seguridad. Ministerio del Interior.